

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Inspección urbanística: incoación do procedemento. Notificacións infrutuosas.

Expediente 2024/I002/000027 - Praza de Galicia, número 8, baixo.

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 2255 do 2 de agosto de 2024 iniciouse o expediente 2024/I002/000027 de inspección urbanística por actividade sen título habilitante no local sito na Praza de Galicia, número 8, baixo, de Carballo (Referencia catastral 5145702NH2854N0002JU), incorporando toda a documentación que consta no expediente 2022/I002/000043 (caducado).

Foi intentada a notificación desta resolución ao titular da actividade, Roberto Manuel Corral Corral (Retales Roberto Corral), de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosa.

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial del Estado”.

En consecuencia e, segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas ao interesado no procedemento, Roberto Manuel Corral Corral (Retales Roberto Corral), comunicándolle que:

Primeiro: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase a súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Non cabe recurso contra a incoación do expediente 2024/I002/000027 por ser un acto de trámite, sen prexuízo de que se poida exercitar outro recurso que estime pertinente.

En Carballo, 8 de novembro de 2024

A primeira tenente de alcalde
(P.D.: Decreto nº 2989 de data 16/10/2024)
María Belén Lendoiro Esmorís